

TRES CORES: BRANCO

[Krzysztof Kieslowski, 1994]

94

ESTREA EN NUMAX: 18.03.2016 | V.O.S.E. | +18

FICHA TÉCNICA

Trois couleurs: Blanc (1994, 91')

Dirección: Krzysztof Kieslowski

Guión: Krzysztof Piesiewicz, Krzysztof Kieslowski

Reparto: Zbigniew Zamachowski, Julie Delpy, Janusz Gajos, Jerzy Stuhr, Grzegorz Warchol, Jerzy Nowak, Aleksandr Bardini, Cezary Harasimowicz, Jerzy Trela, Juliette Binoche, Florence Pernel

Montaxe: Urszula Lesiak

Dirección de arte: Magdalena Dipont

Son: Francine Lemaitre

Vestiario: Jolanta Luczak

Música: Zbigniew Preisner

Fotografía: Edward Klosinski

Produtora: MK2 Productions, France 3 Cinéma, CED Productions (Francia), CAB Productions (Suíza), Zespol Filmowy (Polonia)

Distribuidora: Wanda Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Tres cores: vermello, 1994

Tres cores: branco, 1994

Tres cores: azul, 1993

La doble vida de Verónica, 1991

Decálogo (1-10), 1990 [TV]

No amarás, 1988

El aficionado (Amator), 1979

PREMIOS

Berlín 1994 (mellor director)

SINOPSE

Karol ama profundamente a Dominique, pero ela abandónao debido a que el sofre un problema de impotencia. Daquela decide volver co seu amigo Nikolai, á súa Polonia natal. Alí emprende con éxito un negocio e, aínda que segue namorado de Dominique, planea vingarse dela.

«Hai algo terreal e elemental nesta historia que non se atopaba en *Azul*, algo extravagante e enerxético»

Lisa Schwarzbaum
ENTERTAINMENT WEEKLY



TRES CORES: BRANCO

[Krzysztof Kieslowski, 1994]

A construción do guión por Krzysztof Kieslowski

Agora escribo guións para produtores de Europa do Leste e traballo da mesma maneira que facía cando vivía en Polonia. A existencia da censura alí é negativa, mais tamén se lle pode sacar partido e, se ollamos as cinematográficas de países como Hungría, Rusia, Checoslovaquia ou Polonia, vemos que forzou aos cineastas a buscar posibilidades até entón descoñecidas. A necesidade de procurar a comunicación co espectador por riba do nivel da censura creou situacións que os colegas do Oeste descoñecen. Era un sistema que funcionaba por fases na presentación do guión. A primeira chamábase *tema* e contiña a idea xeral do filme. A seguinte fase era o *tratamento*, con detalles máis ou menos específicos sobre a acción, personaxes e escenario. A seguinte fase era o *guión* e finalmente unha *relación de planos* co contido exacto de cada toma. O curioso é que cando marchei de Polonia continúei a traballar con esta mesma dinámica. Formulo primeiro a esencia do que vou contar e logo constrúo mentalmente o filme completo, cun comezo, unha parte intermedia e un final. Godard di que non ten que ir necesariamente nesa orde mais eu coido que iso non ten sentido ningún.

Fragmentos dunha masterclass para directores mozos. Amsterdam 1994.

Extraído de: https://www.youtube.com/watch?v=6Gp9z0N_hQ0

Tradución: Xan Gómez Viñas

* * *

Tres cores: Branco

Por Derek Malcolm

Tres cores: Branco, segunda parte da triloxía de Krzysztof Kieslowski baseada nas cores da bandeira francesa, é dos tres filmes o máis doado de seguir mais non por iso o menos complexo. O cineasta bota man dun estilo de comedia que

só un pesimista esperanzado coma el podería ter realizado e se esa mestura de termos poder soar contradictoria é por descoñecemento da obra de Kieslowski en profundidade.

O filme bota man dun humor negro delicadamente irónico mais sen por iso renunciar á simple gargallada e evitando, na medida do posíbel, a amargura, algo que semella un pequeno milagre se temos en conta o contido e contexto do filme. O seu protagonista principal é unha versión polaca do eterno personaxe perdedor, neste caso un apracíbel perruqueiro cuxo esforzo para se establecer en París resulta abortado pola non consumación do seu recente matrimonio e o conseguinte divorcio por parte da súa muller francesa.

A obra, como adoita suceder cando Kieslowski trata dos polacos ou de Polonia, ten unha estética menos marcada ca *Azul* ou *Vermello*, feitos en Francia e Suíza respectivamente. Mais semella dalgún xeito máis auténtica, como se o director instintivamente soubese como deben reaccionar os personaxes para así poder facer avanzar o filme de xeito máis directo e, por tanto, menos elíptico. *Tres cores: Branco* conta cunha magnífica actuación de [Zbigniew] Zamachowski, primeiro no seu frustrado exilio e logo como emprendedor de volta a Polonia, ao tempo que ofrece un abraiante retrato da Polonia poscomunista, onde as formas máis funestas do capitalismo comezan a reinar e cada persoa comeza a se preocupar só polo seu.

A loita do perruqueiro pola igualdade é esencialmente a mesma que a loita de Julie en *Azul* para atopar a súa liberdade persoal. Mais, a diferenza de *Azul* e *Vermello*, *Branco* non pode ser acusada de pretenciosa o que a pode facer medrar vista en perspectiva. Resulta case perfecta no seu desenvolvemento, unha desoladora pero en última instancia esperanzada comedia que, se non fose titulada *Branco* ben podería chamarse *Negro*. Esta comedia de Kieslowski, ao igual ca acontece cos outros dous filmes da triloxía, ten moito que dicir da psique da Europa contemporánea, ao igual ca o *Decálogo* nos falaba de xeito elocuente da Polonia duns anos atrás.

Extraído de: <http://www.theguardian.com/film/2011/nov/09/three-colours-white-review>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Lacrimae Rerum. Slavoj Žižek

Orfeu Negro, 2013

La doble vida de Krzysztof Kieslowski.

Joanna Bardzinska. Nosferatu, 2015

Michel Pastoreau. Paidós, 2010

The Cinema of Krzysztof Kieslowski:

Variations on Destiny and Chance.

Marek Haltof. Wallflowers Press, 2004

Le hasard et autres textes. Krzysztof

Kieslowski / Maria & Marta Kieslowska.

Actes Sud, 2001

La doble vida de Verónica. Avalon [DVD]

No matarás. Cameo [DVD]

Kieslowski. El decálogo.

RMN-Grand Palais [DVD]

Krzysztof Kieslowski's The Decalogue.

Facets [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo

15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | www.numax.org